

mento e do 10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.—Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

ARTIGO 9º. XUSTIFICACIÓN DO IMPOSTO

1.—O pago do imposto acreditarase mediante o impreso de autoliquidación ou o recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

2.—Quen solicite ante a xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular un vehículo, deberá acreditar previamente o pago do imposto.

3.—Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, o de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pago de todas as débedas por dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

4.—As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal consta de 9 artigos, e unha vez aprobada polo Pleno do Concello, e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E RÉXIME

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 59.2 e artigos 15 e seguintes do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
2. Este imposto rexerese polo disposto nos artigos 100 a 103 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polas disposicións que a desenvolvan e polo que dispón esta Ordenanza.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a correspondente licenza de obras ou urbanística (obtéñase ou non), sempre que a súa expedición corresponda ao Concello de Ponte Caldelas.
2. As construcións, instalacións e obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en:
 - a) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova planta.
 - b) Obras de demolición.

- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior coma o seu aspecto exterior.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e alcantarillado.
- f) Obras en cemiterios.
- g) Calesquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, da instalación ou da obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza a obra.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, da instalación ou da obra quen soporte o gasto ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas ou os que realicen as construcións, as instalacións e as obras, se non fosen os propios contribuíntes.

O substituto poderá esixirlle ao contribuínte o importe da cota tributaria que satisfixo.

ARTIGO 4. EXENCIONES

Está exenta do pagamento deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou as entidades locais, que, aínda que estea suxeita ao imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e de augas residuais, aínda que a súa xestión a leven a cabo organismos autónomos e tanto que se trate de obras de investimento novo como de conservación.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, da instalación ou da obra. Para tales efectos, enténdese por custo real e efectivo o custo de execución material da construción, da instalación ou da obra.
2. Non formarán parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e os demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, os prezos públicos e as demais prestacións patrimoniais de carácter público local que estean relacionadas, de ser o caso, coa construción, coa instalación ou coa obra. Tampouco formarán parte da base imponible os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA E DEVENGO

1. A cota tributaria será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.
2. O tipo de gravame queda fixado no 2,8 %.
3. O Imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

ARTIGO 7. BONIFICACIONES

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, as obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións

de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

Dita bonificación terá carácter rogado, a solicitude do suxeito pasivo. Presentada a solicitude para a aplicación de dita bonificación, corresponde aos Servizos Municipais de Urbanismo, previa valoración das reformas que se pretenden realizar, formular informe sobre a súa concesión.

2. Gozarán dunha bonificación de entre o 50% e 95% na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá dita declaración así coma fixación do porcentaxe de bonificación, ao Pleno da Corporación en función das circunstancias concurrentes en cada caso, e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto as construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación administrativa.

Dita bonificación terá carácter rogado, a solicitude do suxeito pasivo. Presentada a solicitude para a aplicación de dita bonificación, corresponde aos Servizos Municipais de Urbanismo, previa valoración das reformas que se pretenden realizar, formular informe sobre a súa concesión.

4. As bonificacións previstas no presente artigo non será aplicables simultaneamente.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

1. Cando se solicite a preceptiva licenza se practicará unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co coste estimado do proxecto.
2. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e atendendo ao coste real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras que serviu de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no prazo dun mes, declaración complementaria e a ingresar o importe resultante.

ARTIGO 9. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións reguladoras da materia.

ARTIGO 10. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións, será aplicable, segundo o dispón o artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a regulación contida na Lei 58/2003, xeral tributaria, e demais disposicións que a complementen e a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza Fiscal consta de dez artigos, e unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata que se modifique ou se derogue expresamente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta ordenanza fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo Concello de Ponte Caldelas acórdase a imposición e ordenación da Taxa por servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza de rúas particulares, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúen o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, inmobles desocupados e obras. Así mesmo constitúen o feito imponible desta Taxa, a monda de pozos negros e a limpeza en rúas particulares.

A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou se a recollida ou vertido esixe a adopción de especias medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2.—A recepción do servizo de recollida do lixo ten carácter obrigatorio para tódolos inmobles situados nas zonas onde se preste o servizo.

3.—Non está suxeita á Taxa os seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais localizados nos lugares, pra-